

PROCEDIMENTO NA PAU PARA O ESTUDANTADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

1. Persoas destinatarias

Poderá solicitar a aplicación deste procedemento o estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado en segundo de bacharelato ou nun ciclo formativo de grao superior de formación profesional que se presente á proba de acceso á universidade no sistema universitario de Galicia (PAU), cando requira unha adaptación específica para a súa realización, sempre e cando tivese a dita adaptación durante **toda a etapa educativa** (bacharelato ou ciclo formativo).

As solicitudes deberán facerse unicamente a través do centro no que o/a estudante realizase os estudos de bacharelato ou equivalentes. No caso de estudiantado que superase a etapa educativa en cursos anteriores, pode solicitar a adscrición a outro centro educativo en inspección educativa.

As adaptacións que pode prestar a CiUG están recollidas nos anexos I e II. Só se farán adaptacións para estudantes que xa as tiveron en toda a súa etapa de bacharelato ou formación profesional. En calquera caso, o prazo sinalado para presentar a documentación é o mesmo para todo o estudiantado, co obxecto de poder dispor dos medios humanos e materiais para a adaptación das probas.

As persoas que xa tiveron unha resolución de adaptación en cursos anteriores, para poder gozar de adaptacións nesta convocatoria deberán comunicarlle á CiUG a súa intención de presentarse á PAU 2026 no prazo sinalado neste procedemento (**ata as 14.00 horas do 30/01/2026**) e indicar en que ano foron resoltas as súas solicitudes de adaptación.

2. Acceso aos estudos universitarios

O presente procedemento de actuación para a proba de acceso á universidade enmárcase xuridicamente na aplicación do Real decreto 534/2024, do 11 de xuño, polo que se regulan os requisitos de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, as características básicas da proba de acceso e a normativa básica dos procedementos de admisión, así como na Orde, do 24 de marzo de 2011, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia (DOG do 4 de abril) e que sinalan que o acceso á universidade española, desde calquera dos supostos aos que se refiren os anteditos real decreto e ordes, levarase a cabo con pleno respecto aos dereitos fundamentais e aos principios de igualdade, mérito e capacidade. Así mesmo, teranse en conta os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, segundo o establecido na Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (texto refundido do Real decreto 1/2013, do 29 de novembro).

O Real decreto 534/2024 especificamente determina as seguintes actuacións:

Artigo 3. Principios xerais de acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao

1. O acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao realizarase con respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

2. As administracións educativas determinarán as medidas necesarias para que, en todos os procedementos de acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, se garanta a igualdade de oportunidades, a non discriminación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e a accesibilidade universal.

Sempre que estes trámites impliquen a realización dunha proba, estas medidas poderán consistir na adaptación dos tempos, o desenvolvemento de modelos especiais de exame e a posta a disposición do alumnado dos medios materiais e humanos, asistencias e produtos de apoio necesarios para a realización das avaliacións e probas que

en cada caso correspondan, así como a garantía de accesibilidade tanto da información e comunicación dos trámites coma dos locais ou espazo físico onde se realicen. A determinación destas medidas realizarase, se é o caso, en función das medidas de apoio educativo ou das adaptacións que se lle aplicasen ao alumno na etapa educativa anterior, para as que deberán colaborar as administracións educativas e os centros docentes. Non se poderá ter en conta ningunha das medidas consideradas para reducir as cualificacións obtidas.

Artigo 19. Tribunais cualificadores

5. Cada tribunal cualificará os distintos exercicios en función dos criterios xerais que estableza a comisión organizadora, así como dos criterios específicos de corrección e cualificación establecidos nas guías de cualificación que acompañan a cada exercicio. Tamén se terán en conta as medidas de apoio educativo ou as adaptacións necesarias para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Pola súa banda, a Orde do 24 de marzo de 2011, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia (DOG do 4 de abril), establece:

Artigo 16. Estudantes con discapacidade

1. A CiUG garantirá que os estudantes que presenten algún tipo de discapacidade poidan realizar os exercicios da proba de acceso á universidade nas debidas condicións de igualdade. A CiUG poderá adoptar as seguintes medidas: adaptación de tempos, elaboración de modelos especiais de exame, posta á disposición do estudante dos medios materiais e humanos, asistencia, apoios e axudas técnicas que precise para a realización da proba, así como a garantía de accesibilidade á información e comunicación dos procesos e ao recinto ou espazo físico onde esta se desenvolva.
2. En todo caso, a determinación destas medidas farase baseándose nas adaptacións curriculares cursadas no bacharelato.
3. O tribunal poderá requirir informes e a colaboración dos órganos técnicos competentes da administración educativa, así como dos centros onde cursasen bacharelato os estudantes con discapacidade.

3. Solicitudes e documentación necesaria

A solicitude deberá realizarse cubrindo o formulario web que recibirán no correo electrónico do centro. Deberá acompañarse dunha autorización do interesado/a ou, no seu caso, dun titor/a legal (anexo I).

Tamén deberá enviarse un certificado, asinado polo director/a, secretario/a e orientador/a do centro, sobre as **adaptacións levadas a cabo durante toda a etapa educativa (bacharelato ou ciclo formativo)**, consonte o acordo a nivel de CRUE, segundo o modelo do anexo II.

Xunto coa solicitude deberá achegarse, de ser o caso, o certificado que acredite o grao de discapacidade recoñecida.

As solicitudes deberán enviarse por correo electrónico e indicar no asunto «Adaptación PAU –Nome do centro– Nome de estudante», a ciug.neae@cisug.gal. De acordo cos estándares sobre o envío de documentación, a suma total dos arquivos remitidos non debe exceder 10 Mb.

4. Prazo de solicitudes

Para que a CiUG poida levar a cabo as medidas que se determinen, a data límite para o envío de solicitudes será o 30/01/2026, agás os casos excepcionais que xurdan con posterioridade (escolarización tardía do alumnado, causa sobrevida ...).

5. Pautas xerais para as adaptacións

A CiUG establecerá as adaptacións de acordo cos informes e documentos presentados, tendo en conta que **o contido dos exames e os criterios de corrección son os mesmos para todo o estudiantado** e atendendo ás pautas xerais seguintes:

1. Información sobre o proceso.
2. Acceso ao recinto onde se desenvolve a proba.
3. Localización nun lugar específico da aula ou espazo habilitado.
4. Adaptación do tempo do exame (30 minutos adicionais para cada materia).
5. Lectura para a comprensión de enunciados, se fose preciso, co fin de facilitar a orde de resposta, sempre que non moleste outro alumnado presente na aula.
6. Disposición de medios materiais e humanos, coas necesarias axudas técnicas.
7. Supresión das probas de audición, no caso de que existan, para o estudiantado con discapacidade auditiva recoñecida.

A CiUG poderá adoptar outras medidas a partir da documentación achegada. As decisións adoptadas pola CiUG ao respecto serán remitidas por correo electrónico ao centro educativo.

6. Lugar de realización das probas

Dependendo do número de solicitudes e das adaptacións decididas, a CiUG pode asignarlle á/ao estudante unha comisión delegada distinta da do seu centro ou, cando sexa necesario, a comisión delegada no centro de recursos educativos da ONCE (Pontevedra). **A asignación da comisión correspondente comunicaráselle ao centro educativo e o/a estudante terá a obriga de acudir a ela.**

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2025

Asdo. Iván C. Area Carracedo
(Presidente da CIUG)